



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

DECLARA

Que este Instituto formaliza coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 29 de agosto de 2016 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde laboral, en orde á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, a redución dos riscos laborais, a investigación e o fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía. A través do Servizo de Prevención de Riscos e do Servizo de Vixilancia da Saúde, desenvolve distintas actividades encamiñadas a fomentar a prevención de riscos laborais no eido desta entidade. Asemade, no Campus de Lugo, a Facultade de Ciencias desenvolve distintas actividades encamiñadas, entre outras, á formación de profesionais do eido da seguridade e saúde laboral, ofertando en concreto un Mestrado universitario en prevención de riscos laborais e saúde medioambiental.

A Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral 2016-2020 constitúe o instrumento para establecer o marco xeral das políticas de prevención a curto e, sobre todo, medio e longo prazo. Entre os seus obxectivos está o de integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal no sistema educativo en xeral e no ensino universitario en particular, así como o de fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo.

Ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións o establecemento dun marco de colaboración que permita promover e coordinar actividades conxuntas mediante a actuación do ISSGA e da Universidade de Santiago de Compostela en proxectos de interese común a través do presente acordo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, o 13 de xaneiro de 2017.

